

Resolución do 26 de setembro de 2019 sobre o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal docente e investigador ao servizo da Universidade da Coruña

Aprobado en Consello de Goberno do 26/09/2019 e modificada no do 30/10/2019

O Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012), regulou no seu artigo 9 os complementos retributivos que os traballadores e traballadoras poderían percibir na situación de incapacidade temporal.

A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 (BOE núm. 161 do 4 de xullo), na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, establece a posibilidade de que cada Administración pública regule o seu propio réxime retributivo para o persoal na situación de incapacidade temporal:

“Disposición adicional quincuaxésimo cuarta. Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas e organismos e entidades públicas dependentes delas.

Un. Cada Administración pública poderá determinar, logo de negociación colectiva, as retribucións que percibirá o persoal ao seu servizo ou ao dos organismos e entidades públicas dependentes, en situación de incapacidade temporal e no caso do persoal funcionario ao cal se lle expedise licenza por enfermidade, de acordo coas seguintes regras:

1ª. Respecto ao persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social e ao persoal estatutario e laboral, poderase establecer un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

2ª. Respecto ao persoal funcionario incluído no réxime de mutualismo administrativo, de acordo co réxime retributivo establecido na súa normativa, ademais do subsidio de incapacidade temporal, cada Administración pública poderá acordar, logo de negociación colectiva, para o período de tempo que non comprenda a aplicación do subsidio de incapacidade temporal, a percepción de ata o cen por cento das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal. Durante a percepción do subsidio por incapacidade temporal, este poderá ser complementado polo órgano encargado da xestión de persoal, logo de negociación colectiva, ata alcanzar como máximo o cen por cento das retribucións que o funcionario percibise o mes de inicio da incapacidade temporal. Para o período de tempo en que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal, observarase o previsto na súa actual normativa reguladora.

Dous. Para a determinación do previsto nos puntos anteriores poderán, de ser o caso, establecerse diferentes escenarios retributivos en función do tipo de continxencia que dese lugar á incapacidade temporal ou á duración desta, sen que en ningún caso o réxime da Seguridade Social de pertenza poida xustificar un trato máis prexudicial para un ou outro colectivo, computando para iso tanto as prestacións ou subsidios a que se teña dereito como as retribucións que aboe a Administración respectiva, para o cal a dita Administración deberá aprobar, de acordo co previsto no punto anterior, o aboamento dunhas retribucións que permitan garantir esta equivalencia de percepcións.

Os supostos de incapacidade temporal derivados de continxencias profesionais, así como

os que afecten a muller xestante, deberán ter necesariamente o trato máis favorable dos acordados pola Administración respectiva.

Tres. As distintas administracións públicas deberán regular a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a exixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

Catro. Cada Administración pública deseñará un plan de control do absentismo, que deberá ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo portal de transparencia. No dito portal serán igualmente obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificados pola súa causa, cunha periodicidade ao menos semestral.

Cinco. O previsto nesta disposición resulta de aplicación ao persoal da carreira xudicial e fiscal, do corpo de letrados da Administración de xustiza, aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza e ao persoal dos órganos constitucionais.

Seis. No caso da Administración do Estado, a regulación a que se refiren os puntos un e dous desta disposición aprobarase por decreto do Consello de Ministros.

Sete. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.7.^a, 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución.

En función do descrito, e tendo acadado no marco da citada Lei 6/2018, de 3 de xullo, un acordo cos representantes do Persoal Docente e Investigador (PDI) da UDC, a Universidade da Coruña aplicará o contido da normativa referida, adoptando as seguintes medidas:

PRIMEIRA: PDI INCLUÍDO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

A Universidade da Coruña complementará, durante todo o período de duración da incapacidade temporal (365 días), incluída a súa prórroga (180 días), a todo o seu persoal docente e investigador, funcionario e laboral, a prestación por incapacidade temporal que corresponda no réxime xeral da Seguridade Social, ata alcanzar o cento por cento das súas retribucións, referenciadas no mes de inicio da incapacidade temporal (IT).

SEGUNDA: PDI ENCADRADO NOS RÉXIMES ESPECIAIS DE SEGURIDADE SOCIAL DO MUTUALISMO ADMINISTRATIVO

Establécese para todo o PDI funcionario incluído no réxime de mutualismo administrativo (MUFACE) ao servizo da Universidade da Coruña, en situación de incapacidade temporal ao que se lle expedise a correspondente licenza, que as retribucións que percibirá durante o período que non comprenda a aplicación do subsidio por incapacidade temporal previsto no dito Réxime, serán do cento por cento das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal. Para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal contemplado no réxime de mutualismo administrativo, complementarase ata alcanzar o cento por cento das súas retribucións, referenciadas no mes de inicio dese subsidio por incapacidade temporal.

Ao inicio do período no que se aplique o antedito subsidio por incapacidade temporal, o/a funcionario/a deberá achegar ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social unha copia da resolución de MUFACE de concesión do subsidio co importe que lle corresponde, co fin de calcular o complemento.

TERCEIRA: EFECTIVIDADE DA INSTRUCIÓN

Considerando o carácter non sancionador e favorable aos dereitos do persoal afectado por estas medidas, implántanse os efectos desta instrución para todas as situacións de incapacidade temporal vixentes desde o 1 de xaneiro de 2019.

CUARTA: DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que contraveñan o establecido nesta.